



**CARLOS JAVIER FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, SECRETARIO DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE OURENSE**

**CERTIFICO**

Que o Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes de Ourense na sesión ordinaria que tivo lugar o vintedous de xuño de dous mil dezasete adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

Primeiro.- Adxudicar, con cargo á partida orzamentaria 3420.63902, o contrato das obras de reposición de céspede e mellora rego do campo de Fútbol dos Remedios á empresa Mondo Ibérica S.A por valor de cento sesenta e seis mil trescento setenta euros con cuarenta e dous céntimos(166.370,42 €), mais 34.937,79 de IVE, o que supón un importe total de 201.308, 21 €, por ser a oferta mais favorable no seu conxunto ao interese público e cumprir co disposto nos pregos técnicos e economico administrativos aprobados.

Segundo.- Notificar ao adxudicatario e aos demais licitadores o contido desta resolución.

Terceiro.- Publicar no perfil do contratante a adxudicación do contrato.

Cuarto.- Autorizar ao presidente do Consello Reitor para a sinatura do correspondente contrato administrativo.

➤ E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do Sr. Presidente do Consello Municipal de Deportes en Ourense a 22 de Xuño de 2017.

O secretario



Visto e praxe

O presidente do Consello Municipal de Deportes

José Mario Guede Fernández